

## ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL

Procedemento	Procedemento aberto SIMPLIFICADO/pluralidade de criterios/tramitación ordinaria	
Obxecto	<b>SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE LUMINARIAS LED NA ZONA RURAL FASE I: DP 3603 (XOANE, SERANTES, COVAS), DP 3606 (COVAS), DP 3608 (VALÓN) E ESTRADA DE ACCESO AO VILAR (CÓDIGO 2021.2000.0171.0) ACTUACIÓN INCLUIDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS POS+2021 (ACHEGA PROVINCIAL 2020)</b>	
Número expediente	<b>AVS 03007 23/19</b>	<b>CÍVIDAS: 2021039109</b>
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	13 de mayo de 2024	
Hora de inicio	12:28:00	
Hora remate	13:41:00	
Asistente sen voto	Don Alberto Castro Rascado, enxeñeiro municipal e don Julián Reina Villalón, representante do grupo municipal PSOE.	

### Presidente:

Don Javier Pastor Díaz Mosquera, concelleiro delegado da área de Alcaldía; Promoción Económica e Emprego; Fondos Europeos; Participación e Atención Cidadá; Organización Interna e Contratación.

### Vocais:

Dona M<sup>a</sup> Iria Buján Vázquez, xefa de sección, en suplencia da xefa do servizo de Contratación; Don José Tomé López, concelleiro delegado da área que propuxo a contratación (Servizos); dona Ana M<sup>a</sup> Vázquez Fernández, directora da oficina xurídica; dona Rosario Vázquez Fernández, interventora municipal e dona Beatriz Bouza Pico, xefa de servizo da área proponente do contrato (Servizos).

### Secretario/a

Dona Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

### **ORDE DO DÍA**

#### **1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (celebrada en data 07/03/2024)**

Se aproba co voto favorable dos membros asistentes con dereito a voto que participaron na sesión anterior.

#### **2.- Calificación da documentación presentada polo licitador proposto con motivo da adxudicación do contrato- Apertura requerimento de documentación. Adopción dos acordos que procedan.**

Postos en antecedentes; e tendo en conta o acordo adoptado polo órgano de asistencia na súa sesión anterior; deuse conta de que por medio da PLACSP requiríuse á empresa LUMEA SOLUCIONES ELÉCTRICAS SL para a presentación da documentación a que se refire a cláusula 27 do PCAP e aos efectos da adxudicación do contrato. A empresa atendeu o requerimento do órgano de asistencia e a documentación presentada pasou a informe dos servizos técnicos municipais (a que se refire á acreditación de solvencia económica e financeira e a

*correspondente á solvencia técnica e habilitación).*

Considerando toda a documentación acreditativa presentada pola empresa proposta; tendo en conta os datos inscritos no rexistro oficial ROLECE referido pola licitadora; a documentación solicitada oficio (*inexistencia de débedas tributarias co Concello de Ferrol*); considerando o informe técnico favorable respecto da acreditación de solvencia técnica e habilitación (*emitido polo enxeñeiro municipal en data 26/03/2024*) e a opinión técnica favorable respecto da acreditación de solvencia económica e financeira (*emitida pola Intervención Municipal en data 08/05/2024*) xunto con todos os extremos exigidos na cláusula 27 do PCAP; co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, ACORDA:

- CALIFICAR favorablemente a documentación acreditativa presentada pola empresa LUMEA SOLUCIONES ELÉCTRICAS SL, e por tanto, elevar proposta de adxudicación ao órgano de contratación ao seu favor.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOUFE.

**DILIXENCIA:** *Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 13/05/2024; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.*